

# PLAN DIXITAL

## CEE O PINO

[Versión 1.0\_ xuño 2022]

# Índice do Plan Dixital

## 1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

## 2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

## 3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

## 4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

## 5. Difusión do PD

## 1. Introducción

### 1.1. Datos básicos do centro

DATOS XERAIS DO CENTRO.	
Denominación:	<i>CEE "O PINO"</i>
Titularidade:	<i>PÚBLICO</i>
Nº código de centro:	<i>32015529</i>
Municipio (Localidade):	<i>OURENSE</i>
Provincia:	<i>OURENSE</i>
CP:	<i>32001</i>
Tfno:	<i>988213220</i>
Enderezo:	<i>ESTRADA DE VIGO, 121</i>
Enderezo electrónico:	<i>cee.pino@edu.xunta.es</i>
Páxina Web:	<i><a href="https://www.edu.xunta.gal/centros/ceepino/">https://www.edu.xunta.gal/centros/ceepino/</a></i>

PERSONAL DOCENTE		PERSONAL NON DOCENTE	
<i>Personal definitivo</i>	<i>3</i>	<i>Mestre Taller Carpintaría</i>	<i>1</i>
<i>Provisionais tempo completo</i>	<i>1</i>	<i>Cociñeira</i>	<i>1</i>
<i>Especialista Música compartido(Luns/Mércores)</i>	<i>1</i>	<i>ATE</i>	<i>1</i>
<i>Orientadora compartida (venres)</i>	<i>1</i>		
<i>Total curso 2021-2022</i>	<i>6</i>	<i>Total curso 2021-2022</i>	<i>3</i>
<b>ALUMNADO CURSO 2021-2022</b>			

### 1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro.

- descripción da finca na que se atopa o centro*

O Centro de Educación Especial "O PINO" atópase nunha parcela situada nas aforas da capital, na antiga estrada Villacastín-Vigo, na zona do Barrio do Pino, ocupando parte da antiga parcela Casar-do-Mato, cunha extensión aproximada duns 2.000 m<sup>2</sup>, dos que están edificados uns 250 m<sup>2</sup> ocupados polo edificio do Centro.

Limita polo Norte, co camiño que ocupaba a antiga liña do ferrocarril Ourense-Vigo, con acceso directo a estrada de Vigo, polo Sur coas naves do taller "SCANIA", antes o garaxe

dos autobuses municipais "Ourensana de Transportes", ó Leste con leiras particulares e polo Oeste co camiño de acceso ás naves do taller "SCANIA".

- ***O centro***

Comezou a súa andaina co nome de "Escuela Profesional Agrícola-Ganadera" do Patrónato María Soriano, da Obra Social da Caixa de Aforros Provincial de Ourense, en xullo de 1.968, aínda que a súa creación oficial foi posterior, pois data do 3-12-69, (B.O.E. 24-12-69).

Pasou por distintos emprazamentos, primeiro na parcela da Granxa da Deputación Provincial, despois nun piso no centro da capital, na rúa Cardeal Quiroga, que os propios alumnos foron preparando e decorando, ata que en abril de 1.970, pásase a este edificio da finca Casar-do-Mato. En setembro de 1.983, e tras o Convenio asinado entre Caixa Ourense e a Xunta de Galicia, convértese no Colexio Público de Educación Especial "O Pino", e na actualidade en Centro de Educación Especial "O Pino" (LOE, artigo 111).

Sobre unha superficie construída duns 250 m<sup>2</sup>, con un total de 580 m<sup>2</sup> habitables, dos que uns 250 m<sup>2</sup> están no primeiro andar, outros 250 m<sup>2</sup> na planta baixa e uns 80 no soto.

- ***Alumnado.***

Na actualidade conviven dous grupos de alumnos claramente ben diferenciados polas súas idades, aínda que non polas súas capacidades. Os alumnos son rapaces adolescentes e adultos, con discapacidade intelectual (DI), en graos "medios" e "ligeiros", habendo tamén algúun profundo, posto que hai C.I. que van dende 31-33 ata 84-87, e incluso con alguña discapacidade física e sensorial.

- ***Plans e proxectos.***

Para establecer unha liña metodolóxica o CEE O PINO desenvolve os seguintes proxectos: o Proxecto Educativo (art. 121), o Proxecto de xestión dos centros públicos (art. 123), as Normas de Organización, Funcionamento e Convivencia (Art. 124) e a Programación Xeral Anual (art. 125), recollido na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación. (BOE. 04/05/06), modificada parcialmente pola Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (BOE. 3012.20). Participa tamén no Plan de Formación Permanente do Profesorado (PFPP) neste curso 2021-2022

cun grupo de traballo para a elaboración do Plan Dixital. E en colaboración co CFR de Ourense, o centro, forma parte do proxecto Hortos Escolares.

- ***Contribución do plan dixital ao proxecto educativo e á programación xeral anual do curso 22/23.***

O Plan Dixital de Centro debe encaixar no contexto institucional máis amplio que vén recollido noutros documentos institucionais, como o Proxecto Educativo de Centro e ambos os documentos deben estar en total consonancia e ser complementarios.

A contribución do Plan Dixital ao PE e á PXA debemos velo desde a perspectiva de como pode reforzar este plan o emprego axeitado das novas tecnoloxías en toda a comunidade educativa.

A competencia dixital é unha das competencias clave nas que é preciso traballar co alumnado ao longo do seu paso global.

Pola súa parte na PXA vemos obxectivos directamente afectados pola dixitalización, tanto do centro como da sociedade.

A finalidade deste centro é facilitar o desenvolvemento da autonomía persoal e a integración social do alumnado, e poderán ter un compoñente de formación profesional específica cando as posibilidades do alumno así o aconsellen. Os obxectivos son os que seguen a continuación:

1. Afianzar e desenvolver as capacidades dos alumnos, nos seus aspectos físicos, afectivos, cognitivos, comunicativos, morais, cívicos e de inserción social, promovendo o maior grao posible de autonomía persoal e de integración social.
2. Preparar a tódolos alumnos de xeito que, dentro das súas capacidades, poidan acadar o máximo grao de autonomía e desenvolvemento persoal á vez que, aqueles que presentan unhas condicións axeitadas, se preparan para unha posible incorporación ao mundo laboral.
3. Experimentar, como vehículo de desenvolvemento e superación persoal. Así, xunto coas actividades escolares propias da aula, teñen unha grande importancia

os obradoiros, pois estimulan a motricidade, creatividade, curiosidade, etc. Permitíndolle un desenvolvemento que a escola ordinaria estaría a frear.

4. Potenciar hábitos vinculados coa saúde corporal, a seguridade persoal e o equilibrio afectivo, para desenvolver a súa vida co maior benestar posible.
5. Poñer aos alumnos en contacto co mundo no que se deben integrar, propiciando a súa participación en todo tipo de actividades que nos ofrece a sociedade na que estamos mergullados.

O plan de dixitalización fará seu estes obxectivos, pero concretándoo no mundo virtual. Outorgándolle moita importancia ao desenvolvemento da competencia dixital do alumnado e do profesorado, obxectivo para o que o plan de dixitalización vólvese imprescindible.

### 1.3. Breve xustificación do mesmo

A *Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (BOE 04.05.06) no seu texto consolidado tras a aprobación da Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (BOE 30.12.20)*, no artigo **sesenta e dous**. Modifícanse os apartados 1 e 2, engádense dous novos apartados 2 bis e 2 ter e suprímense os apartados 7 e 8 do artigo 121, quedando redactados nos seguintes termos: «*1. O proxecto educativo do centro recollerá os valores, os fins e as prioridades de actuación, incorporará a concreción dos currículos establecidos pola Administración educativa, que corresponde fixar e aprobar ao Claustro, e impulsará e desenvolverá os principios, obxectivos e metodoloxía propios dunha aprendizaxe competencial orientada ao exercicio dunha cidadanía activa. Así mesmo incluirá un tratamento transversal da educación en valores, do desenvolvemento sostible, da igualdade entre mulleres e homes, da igualdade de trato e non discriminación e da prevención da violencia contra as nenas e as mulleres, do acoso e do ciberacoso escolar, así como a cultura de paz e os dereitos humanos. O proxecto educativo do centro recollerá así mesmo a estratexia dixital do centro, de acordo co establecido no artigo 111 bis.5.*»

*O decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece ou currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG. 09.09.14) recolle no seu artigo 19 o seguinte:*

***Artigo 19. Educación dixital***

*1. A consellería con competencias en materia de educación promoverá ou uso dás tecnoloxías dá información e da comunicación na aula como medio didáctico apropiado e valioso para desenvolver as tarefas de ensino e aprendizaxe.*

*2. Nos contornos virtuais de aprendizaxe que se empreguen nos centros docentes sostidos con fondos públicos facilitarán a aplicación de plans educativos específicos, deseñados polos centros docentes para a consecución de obxectivos concretos do currículo, e deberán contribuir á extensión do concepto de aula non tempo e non espazo.*

*3. A consellería con competencias en materia de educación ofrecerá plataformas dixitais e tecnolóxicas de acceso para toda a comunidade educativa, que poderán incorporar recursos didácticos achegados polas administracións educativas e outros axentes para ou seu uso compartido.*

*4. Nos centros docentes que desenvolvan o currículo completo nun contorno dixital deberán establecer un proxecto de educación dixital que formará parte do seu proxecto educativo e deberá contar coa aprobación da consellería competente en materia educativa, segundo o procedemento que se estableza.*

Ámbolos dous artigos fan referencia á educación dixital e a elaboración do Plan Dixital de centro.

O artigo 102.3, 129.d, 132.m e a disposición adicional sexta da ***Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (BOE 04.05.06)*** no seu texto consolidado tras a aprobación da ***Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (BOE 30.12.20)***, establecen con respecto a formación dixital dos docentes o seguinte:

### **Artigo 102. Formación permanente.**

3. As Administracións educativas promoverán a utilización das tecnoloxías da información e a comunicación e a formación en linguas estranxeiras de todo o profesorado, independentemente da súa especialidade, establecendo programas específicos de formación neste ámbito. Igualmente, correspónelles fomentar programas de investigación e innovación.

### **Artigo 129. Competencias.**

O Claustro de profesores terá as seguintes competencias:

- Formular ao equipo directivo e ao Consello Escolar propostas para a elaboración dos proxectos do centro e da programación xeral anual.
- Promover iniciativas no ámbito da experimentación e da investigación pedagóxica e na formación do profesorado do centro.

### **Artigo 132. Competencias do director ou directora.**

Son competencias do director ou directora:

- Fomentar a cualificación e formación do equipo docente, así como a investigación, a experimentación e a innovación educativa no centro.

### **Disposición adicional sexta. Educación para o desenvolvemento sostenible e para a cidadanía mundial.**

Tal como se establece no cuarto Obxectivo de Desenvolvemento Sostible e na Axenda 2030, a educación para o desenvolvemento sostenible e para a cidadanía mundial terase en conta nos procesos de formación do profesorado e no acceso á función docente. De acordo co anterior, para o ano 2022 os coñecementos e destrezas relativos á educación para o desenvolvemento sostenible serían incorporados ao sistema de acceso á función docente. Así mesmo, en 2025 todo o persoal docente do ensino obligatorio terá recibido cualificación nas metas establecidas na Axenda 2030.

Pola súa banda a **RESOLUCIÓN do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obligatoria e bacharelato no curso académico 2021/22. (DOG. 30.06.2021)**, recolle na disposición adicional quinta a elaboración do Plan dixital de centro.

### **Disposición adicional quinta. Plan dixital de centro**

*Os centros docentes elaborarán no curso 2021/22 o seu plan dixital de acordo coas instrucións que se diten.*

Polo tanto é responsabilidade das Administracións educativas na formación permanente do profesorado, a planificación dunha oferta diversificada de actividades formativas. Esta normativa pretende que se desenvolva tanto a competencia dixital do alumnado como a competencia dixital docente. Pártese, para iso, dunha concepción da competencia dixital máis moderna e ampla, acorde coas recomendacións europeas relativas ás competencias clave para a aprendizaxe permanente.

Esta idea do desenvolvemento da competencia dixital, non só se centra no uso de dispositivos e aplicacións, senón desde unha concepción máis ampla como a que a normativa reflicte, sendo o mundo dixital para docentes e alumnos, un novo hábitat no que a infancia e a mocidade viven cada vez máis: nel aprenden, relaciónnanse, consomen e gozan do seu tempo libre.

Entre os principios pedagóxicos da normativa destácase que debe traballarse a competencia dixital, ao mesmo nivel que outras áreas ou destrezas.

Á súa vez, a formación do profesorado debe ter un compoñente específico de competencia dixital docente, sendo as Comunidades Autónomas as encargadas da formación inicial e permanente do profesorado e de facilitar o desenvolvemento dunha cultura dixital nos centros e nas aulas.

O Plan Nacional de Capacidades Dixitais do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, céntrase en promover:

- A Competencia Dixital Educativa do alumnado, do profesorado e dos centros educativos.
- A Dixitalización dos Centros Educativos.
- A Creación de Recursos Educativos Abertos (REA) en formato dixital.
- As Metodoloxías e competencias dixitais avanzadas.

O Plan Dixital guíase polo informe do *Joint Research Centre Promoción dunha Aprendizaxe Eficaz na Era Dixital: Marco Europeo para Organizacións Educativas Dixitalmente Competentes (DigCompOrg)*.

O Marco DigCompOrg é o primeiro marco de referencia europeo para mellorar a competencia dixital das institucións educativas. Propón un enfoque conceptual común para apoiar o desenvolvemento desta capacidade, que incidirá nas seguintes 6 accións:

- No proceso de ensino e aprendizaxe,
- Infraestrutura dixital,
- colaboración,
- currículo,
- avaliación
- e desenvolvemento profesional.

Os *obxectivos principais* do marco DigCompOrg son: fomentar a autoreflexión e auto-avaliación dentro das organizacións educativas, a medida que reforzan progresivamente o seu compromiso coa aprendizaxe e a pedagogía dixitais.

Non se debe obviar, *o Marco Europeo para a competencia dixital do profesorado* (DigCompEdu). O marco diríxese aos educadores de todos os niveis da educación, desde infantil, primaria, secundaria, bacharelato ata a formación profesional. O seu obxectivo é proporcionar un marco de referencia xeral para os que desenvolven modelos de competencia dixital, por iso o "Plan dixital TIC", recibirá o sinal das súas árees:

- Área 1. Contorna profesional.
- Área 2. Creación e distribución de recursos dixitais.
- Área 3. Ferramentas dixitais no ensino e a aprendizaxe.
- Área 4. Ferramentas e estratexias dixitais para mellorar a avaliación.
- Área 5. Ferramentas dixitais para empoderar aos estudiantes.
- Área 6. Facilitar a competencia dixital dos alumnos.

De modo específico, a referencia a nivel nacional para a formación en Competencia Dixital Docente (CDD) será o Marco Común de competencia Dixital Docente do Instituto Nacional de Tecnoloxías Educativas e Formación do Profesorado (INTEF); elemento esencial para o diagnóstico e a mellora das competencias dixitais do profesorado. O Marco do INTEF, de 2017, establecense as *cinco áreas que componen a Competencia Dixital Docente*:

- Área 1. Información e alfabetización informacional.
- Área 2. Comunicación e colaboración.

- Área 3. Creación de contidos dixitais.
- Área 4. Seguridade.
- Área 5. Resolución de problemas.

## 1.4. Proceso de elaboración

### 1.4.1. Constitución da comisión do Plan Dixital.

Segundo o artigo cuarto da **Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022**. A comisión para a elaboración do Plan Dixital estará composta polo equipo directivo e a coordinadora TIC do CEE O PINO e a coordinadora do Plan Dixital.

• <b>Director:</b>	JOSÉ MANUEL FOLGOSO RODRÍGUEZ
• <b>Secretaria:</b>	CONCEPCIÓN LÓPEZ CARNERO
• <b>Coordinadora TIC</b>	MARTA PRADA OUTERIÓN
• <b>Coordinadora do Plan Dixital</b>	SILVIA RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ

O procedemento a seguir para a elaboración do PD será:

1. **Realizar a análise da situación do centro.** A análise da situación do centros realizarase a través das ferramentas para a diagnose de situación SELFIE e Test de Competencia Dixital Docente.
  - **Informe SELFIE.** Para a diagnose da situación en relación a competencia dixital, o centro usará a ferramenta de autoavalíaSELFIE, coa finalidade de obter en liña un informe de autoavalía do centro (informe SELFIE). Esta ferramenta, desenvolvida pola Comisión Europea ao abeiro do Marco Europeo para Organizacións Educativas Dixitalmente Competentes (DigCompOrg), está dispoñible de forma gratuita para todos os centros educativos no sitio web indicado no punto.
  - **Test de Competencia Dixital Docente (Test CDD).** De xeito complementario, o profesorado poderá realizar o test CDD baseado no marco DigCompEdu desde o seu perfil persoal.

Este test permite obter un Informe Individual coa valoración global do seu nivel competencial (A1- C2), polas áreas deste Marco e devolve un detallado feedback. Así mesmo, xera un Informe de Centro, sempre que máis do 20% do profesorado do centro o teña completado, a fin de mostrar resultados que sexan representativos.

## 2. Realizar a diagnose de situación do centro.

- A partir do Informe SELFIE, o centro poderá xerar un informe sobre Debilidades, Ameazas, Fortalezas e Oportunidades (DAFO) que lle permitirá a análise de situación e a definición das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e actuacións.
- b) O Informe Individual do test CDD permitirá ao centro educativo avanzar nas competencias profesionais docentes relacionadas co ámbito dixital, permitindo planificar unha formación persoal que atenda ao nivel de partida de cada docente. Así mesmo, o informe de centro permitirá planificar a liña de formación a través dos PFPP.

## 3. Pautas para a elaboración do Plan Dixital.

O Plan Dixital realizarase en base a información recollida do informe de análise da situación do centro e de acordo coa estrutura que se recolle no anexo.

## 4. Temporalización.

- Durante o primeiro trimestre do curso 2021-2022, o centro deberá realizar a análise de situación mediante a ferramenta de autoavaliación SELFIE e o test CDD, para poder iniciar a fase de diagnose e o deseño e elaboración do Plan Dixital.
- No último trimestre do curso 2021-2022, o Plan Dixital será aprobado polo consello escolar, unha vez oído o claustro. No seu caso, o Plan Dixital será aprobado pola dirección do centro unha vez oido o claustro e será elevado como informe ao Consello Social. O centro poderá realizar, previo á aprobación, unha segunda análise da situación da competencia dixital de centro para a elaboración do Plan Dixital conforme a proceso indicado no apartado anterior.
- No curso 2022-2023, o centro procederá a implementación efectiva do Plan que estará sometido a un proceso de avaliación e mellora continua.

	<i>1º trimestre</i>	<i>2º trimestre</i>	<i>3º trimestre</i>
<i>Curso 2021/2022</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <i>Constitución comisión Plan Dixital.</i></li> <li>• <i>Elaboración SELFIE.</i></li> <li>• <i>Cubrir SELFIE.</i></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <i>Cubrir CDD.</i></li> <li>• <i>Análise do SELFIE e CDD.</i></li> <li>• <i>Elaboración DAFO.</i></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <i>Deseño do Plan de Acción.</i></li> <li>• <i>Elaboración do Plan Dixital de Centro.</i></li> <li>• <i>Aprobación Consello Escolar (28/06/2022).</i></li> </ul>
<i>Curso 2022/2023</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <i>Posta en práctica do Plan Dixital de Centro.</i></li> <li>• <i>Realización do SELFIE e do CDD.</i></li> <li>• <i>Avaliación ao final do 1º trimestre.</i></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <i>Avaliación ao final do 2º trimestre.</i></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <i>Avaliación ao final do 3º trimestre. Introdución de mellora para o curso escolar 2023/2024.</i></li> </ul>

## 5. *Plan de Acción. Liñas estratéxicas.*

As liñas estratéxicas para a configuración do Plan de Acción do CEE O PINO (Plan Dixital) están centradas nos seguintes elementos:

- Infraestrutura e equipamentos.
- Desenvolvemento profesional continuo.
- Competencia dixital do alumnado

## 2. Situación de partida

### 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

O CEE "O PINO" consta dun único edificio, dentro do cal, atópanse todos os recursos dixitais que están a disposición dos membros do equipo directivo, profesorado e do alumnado.

- 4 aulas para a docencia, cun ordenador de sobremesa e un portátil. Ningunha aula conta con canon dixital nin paneis dixitais.

- 1 aula de informática con 7 ordenadores de sobremesa e un portátil. Un portátil para a realidade virtual e gafas cos seus correspondentes componentes.
- 1 despacho para a Dirección e Secretaría con dous ordenadores de sobremesa, dúas fotocopiadoras en branco e negro e unha en cor.
- 1 aula de tecnoloxía cun ordenador de sobremesa e un canón para proxectar en pantalla.

• **Tabletas.** No CEE "O PINO "hai 4 tabletas de 10" para robótica. Os dispositivos dos que se dispón teñen unha batería de curta duración, e de funcionalidades limitadas.

• **Conexión Wifi.** O colexio dispón de conexión Wifi en todos os espazos (escolas conectadas), o ancho de banda do centro é suficiente e a velocidade de transferencia de datos tamén.

• **Conexión por cable:** están totalmente cableadas as aulas de docencia e a aula de informática.

**Como aspectos negativos e que debemos mellorar, destacar:** Reemplazar os equipos informáticos más obsoletos, mercar 5 tabletas novas e dotar as aulas con taboleiros dixitais xa que non dispoñemos de ningún.

En canto ao equipamento, dicir que contamos cos seguintes medios que se detallan a continuación:

LUGAR	PC	CONEXIÓN A REDE	IMPRESORAS	SISTEMA OPERATIVO	CARACTERÍSTICAS
DIRECCIÓN SECRETARIA	•2 ordenadores sobremesa ROHS. •2 pantallas AOC de 22 pulgadas más dous teclados	Por cable	•1 Impresora/escáner branco/negro RICOH MP 2501 PCL6. •1 impresora/escáner branco/negro BROTHER MFC8860 DN •1 Impresora color EPSON L350.	•WINDOWS 7 PROFESSIONAL	•Intel Core i5 CPU- 4 GB
AULA A	•1 ordenador sobremesa GIGABYTE, teclado e pantalla de 17 pulgadas. •1 ordenador portátil ACER	•Por cable •por cable/wifi	•1 impresora HP OFFICEJET PRO 6970. Funcionamento regular.	•sobremesa: windows 10 Pro •portátil: windows 7 professional.	•sobremesa:Intel Core i3-3227U-4 GB •portátil: Intel Core i3-3110M-GB
AULA B	•1 ordenador sobremesa GIGABYTE, teclado e pantalla de 17 pulgadas. •1 ordenador portátil ACER	•Por cable •Por cable/wifi	•1 impresora HP DESKHET 920 C-1	•sobremesa: windows 10 Pro •portátil: windows 10 Home	•sobremesa:Intel Core i3-3227U-4 GB •portátil: Intel Core U7300-4GB
AULA C	•1 ordenador sobremesa GIGABYTE, teclado e pantalla de 17 pulgadas. •1 portátil HP PROBOOK 6560B	•Por cable •Por cable/wifi	•1 impresora Laser Jet ProM 102a	•sobremesa: windows 10 Pro •portátil WINDOWS 7 Home Premium	•sobremesa:Intel Core i3-3227U-4 GB •portátil: Intel Core i5-2520M-4GB
AULA D	•1 ordenador sobremesa GIGABYTE, teclado e pantalla de 22 pulgadas.	•Por cable		•sobremesa: windows 10 Pro	•sobremesa:Intel Core i3-3227U-4 GB
INFORMÁTICA	•1 ordenador sobremesa HP PRODESK, teclado e pantalla de 22 pulgadas. •2 ordenadores sobremesa DELL OPTIPLEX 745, teclados e pantalla de 17 pulgadas. •1 ordenador HP, pantalla de	•Por cable		•sobremesa: LINUX •sobremesa: LINUX •sobremesa: LINUX	•Intel Core i5-6600-798MiB •Intel Core2 6300-442 MiB •AMB Phenom II x2 B55-505MiB

	<ul style="list-style-type: none"> <li>•17 pulgadas e teclado.</li> <li>•1 ordenador HP, pantalla de 17 pulgadas e teclado.</li> <li>•1 ordenador HP, pantalla de 17 pulgadas e teclado.</li> <li>•1 ordenador HP, pantalla de 17 pulgadas e teclado.</li> <li>•1 portátil HP</li> <li>•1 ordenador portátil para Realidade Virtual MSI</li> <li>•1 gafas de Realidade virtual.</li> <li>•proxector EPSON EBX20.</li> <li>•1 pizarra dixital IQ BOARD 1.25x1.67 que só funciona como pantalla.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>•Portátil por cable, xa que a wifi do ordenador non vai ben.</li> <li>•portátil de Realidade Virtual por cable e/ou wifi</li> <li>•cable/wifi.</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>•sobremesa: Windows 7 professional</li> <li>•sobremesa: LINUX</li> <li>•sobremesa: LINUX</li> <li>•portátil WINDOWS 7 Professional.</li> <li>•portátil de Realidade Virtual windows 10 Home</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>•Phenom II x2 B55 Procesador 3.00 GHz de 2GB</li> <li>•AMD Phenom II x2 B55- 466 MiB</li> <li>•AMD Phenom II x2 B55- 871 MiB</li> <li>•Intel Core i5-2520 M-4GB</li> <li>•Intel Core i7-7700HQ- 16 GB</li> </ul>
AULA TECNOLOXÍA	<ul style="list-style-type: none"> <li>•1 ordenador sobremesa HP con pantalla de 22 pulgadas e teclado.</li> <li>•1 proxector EPSON EBX20</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>•Por cable</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>•windows 10 Pro</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>•Intel Core i5-6600- 8GB</li> </ul>

Os contidos da páxina web (<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceepino/>) actualízanse frecuentemente e son xestionados pola secretario e coordinador TIC do centro.

Procúrase, por parte do profesorado, a participación en curso de formación sobre as TICS, estando incluído dentro dunha das liñas do Plan de formación de centros (PFPP) a través dos cales preténdese lograr unha maior motivación do claustro e un fomento das TICS

### ***Soporte e Mantemento.***

O soporte, mantemento actualización dos equipos informáticos corre a cargo do coordinador TIC do centro e/ou a través da UAC. Existen diferentes problemas nos que se require a prestación de servicios externos.

### ***Seguridade.***

Respecto ao tema de seguridade, e distinguindo entre seguridade física e seguridade lóxica, o colexio conta co servizo de protección de Amtega (Axencia para a modernización tecnolólica de Galicia), xa que todos os servizos están conectados a través da rede da Xunta de Galicia.

Existe un SAI que serve de alimentación ao servidor do centro. A través deste servidor contrólanse todas as conexións a Internet a través de DHCP o cal implica que todas as saídas e entradas a Internet realizanse a través do mesmo, e por conseguinte Amtega pode realizar unha auditoría en caso necesario. As copias de seguridade realizanse directamente por Amtega.

### ***Análise dos recursos do alumnado do centro educativo.***

Os recursos do alumnado e as súas familias así como a conectividade é o uso do teléfono móvil como dispositivo, recoñecendo que lles sería imposible ou con moitísimas dificultades para o seguimento das clases online por non dispor de medios e formación.

## Análise da situación actual.

A situación actual destacamos aspectos positivos e negativos:

- ***Aspectos positivos***

- Concienciación da necesidade da implantación de ferramentas dixitais para o entorno educativo.
- Mellora das competencias dixitais do profesorado e do alumnado.

- ***Aspectos negativos***

- Necesidade para o equipo directivo, profesorado e alumnado de formación con ferramentas dixitais.
- Falta de recursos para o alumnado e profesorado (portátiles actuales e paneis dixitais) nas distintas dependencias (aulas docentes, informática e tecnoloxía).

## 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

- **Autoavalación SELFIE**

Areas	Grupos	Ensinanzas
		EE
A -Liderado	Equipo Direct.	3.4
	Profesorado	3.2
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	4
	Profesorado	4.3
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	3.1
	Profesorado	2.7
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	5
	Profesorado	5
E- Pedagogía: Apoyo e Recursos	Equipo Direct.	4.8
	Profesorado	4.8
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	4
	Profesorado	4
G- Prácticas de evaluación	Equipo Direct.	3.3
	Profesorado	3.5
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	3.5
	Profesorado	3

Na táboa non se reflicten os resultados correspondentes ao grupo do alumnado; non realizaron a avaliación pola dificultade que esta leva implícita para o noso alumando (centro de Educación Especial).

- **Test CDD:**

Participación segundo perfil do profesorado.

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	3	3	100%
PROVISIONAL	0	1	0%
SUBSTITUTO	1	1	100%

Puntuación e nivel de competencia do centro.

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
73	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

Puntuación e nivel de competencia por etapas.

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
Pri.	73	Integrador/a (B1)	77,3	Integrador/a (B1)

*Distribución do profesorado por niveis.*

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
<b>B1</b>	4	100 %
<b>TOTAL</b>	4	100 %

## 2.3. Análise DAFO

CATEGORÍAS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	1. Facilitáse acceso a internet para o labor docente (C.3)	1. Non existen sistemas de protección de datos (C7) 2. Non hai portátiles que o alumnado poida levar a casa cando o precise (C.10) 3. Non existen repositorios nin bibliotecas en liña con material para o e-a (C.16) 4. Equipamento dixital insuficiente 5. Non se usan suficientemente os repositorios ou bibliotecas en liña con material de enxino aprendizaxe 6. No centro existen dispositivos informáticos adquiridos polo centro 7. Espacio físico reducido.
PERSOAL DOCENTE	1. Debátese sobre os pros e contras do e-a con TD (B.2) 2. Reflexiónase sobre o desenvolvemento profesional ontinuo (DPC) relacionado co ensino usando TD (D.1) 3. Posibilidade e acceso ao DPC sobre e con TD (D.2) 4. Búscanse recursos dixitais en internet (E.1) 5. Créanse recursos dixitais para o ensino e o reforzo (E.2) 6. Úsanse TD para comunicación relativa ao centro educativo (E.4) 7. Emprego de TD para adaptar os métodos de ensino ás necesidades do alumnado (F.1) 8. Seguridade no uso das TD nas comunicacóns	1. on se usan a TD para avaliar as habilidades do alumnado (G.1) 2. Non se usan as TD para a retroalimentación do alumnado (G.3) 3. Non se usan as TD para colaborar con outras organizacións 4. Docentes con competencia dixital insuficiente 5. Non teñen seguridade no uso das TD para preparar e impartir as classes nin para retroalimentar nin apoiar ao alumnado 6. Os docentes non participan en redes profesionais	
PERSOAL NON DOCENTE	1. Os docentes consideran importante o DPC de forma presencial, en liña e a través de colaboracións		

	FORTALEZAS	DEBILIDADES
ALUMNADO	<ul style="list-style-type: none"> <li>1. O alumnado non aprende a comprobar se a información que atopa en internet é fiable</li> <li>2. O alumnado non aprende a crear contidos dixitais nin a comunicarse usando TD2.</li> <li>3. A dirección asegúrase de que o alumnado desenvolva habilidades dixitais para diferentes materias</li> <li>4. O alumnado descoñece as vantaxes do software libre</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>1. O alumnado non aprende comunicarse usando TD (H.8)</li> <li>2. O equipo directivo non se asegura de que o alumnado desenvolva habilidades dixitais para diferentes materias (H.10)</li> <li>3. Alumnado con competencias dixitais insuficientes (aprendizaxe mixta)</li> <li>4. Alumnado con acceso limitado a dispositivos dixitais (ap mixta)</li> <li>5. Alumnado con acceso limitado a conexión a internet no fogar (ap mixta)</li> <li>6. Dificultade para implicar ao alumnado na aprendizaxe mixta</li> <li>7. Alumnado moi específico a ter en conta no Plan Dixital.</li> </ul>
FAMILIAS		<ul style="list-style-type: none"> <li>1. Baixa competencia dixital das familias (ap mixta)</li> </ul>
OFERTA	<ul style="list-style-type: none"> <li>1. O equipo directivo apoia en novas modalidades de aprendizaxe con TD (A3)</li> <li>2. A formación da Administración educativa axústase ás necesidades dos docentes</li> </ul>	
ORGANIZACIÓN DE CENTRO	<ul style="list-style-type: none"> <li>1. O centro só emprega servizos corporativos para difundir información</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>1. Non existe estratexia dixital no centro (A1)</li> <li>2. Os docentes carecen de tempo para explorar métodos de ensino con TD (A2)</li> <li>3. Non existe asistencia técnica cando xorden problemas (C5)</li> <li>4. O centro non informa das actividades do alumnado a través das TD</li> <li>5. Os docentes carecen de tempo para explorar métodos de ensino dixital</li> <li>6. Non se dispón de asistencia técnica cando xorden problemas coas tecnoloxías</li> <li>7. Falta de tempo para crear material para a aprendizaxe mixta</li> <li>8. Falta de experiencia no uso de contornas de aprendizaxe</li> </ul>

		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS			
	<b>ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>1. Apostia da administración por un cambio no ensino da man das TD</li> <li>2. Facilidade na dotación de recursos técnicos, polas súas características.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>1. Pucos docentes para levar a cabo o traballo</li> <li>2. Moita burocracia no proceso de implementación das TD</li> <li>3. Non promoción os xeitos de dixitalizar o ensino co alumnado de EDUCA Educación Especial.</li> </ul>
	<b>LEXISLACIÓN</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>1. Respéctanse os dereitos de autor e as licenzas de uso (A.5)</li> <li>2. O equipo directivo coñece a lexislación sobre adquisición de dispositivos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>1. Demasiada lexislación no ámbito educativoa</li> <li>2. Moi cambiante.</li> </ul>
	<b>ANPA</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>1. Grupo reducido e contacto estreito.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>1. Falta de implicación no día a día do centro.</li> </ul>
	<b>CONTORNA</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>1. Contorna natural onde poder aplicar a tecnoloxía.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>1. Obrigatoriedade de desplazamentos para realizar calquera actividade fora do centro.</li> </ul>
	<b>OTRAS ENTIDADES</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>1. Colaboración fructífera con entidades sociais sen ánimo de lucro.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>1. Falta de colaboración intercentros para compartir experiencias.</li> </ul>

### 3. Plan de Acción:

As liñas estratégicas para a configuración do Plan de Acción do CEE O PINO (Plan Dixital) están centradas nos seguintes elementos:

- A) Infraestrutura e equipamentos.
- B) Desenvolvemento profesional continuo.
- C) Competencia dixital do alumnado

#### 3.1. Obxectivos, indicadores e acción

- **Obxectivo xeral.**

O obxectivo xeral do Plan Dixital de Centro é "Elaborar un plan marco para consolidar o Plan Dixital no noso centro logrando a máxima integración das TIC nos procesos de ensino -aprendizaxe e na organización do centro".

- **Obxectivos específicos, indicadores e accións (táboas na páxina seguinte):**

Partindo do mapa integral diagnóstico realiza do no noso centro, fixáronse os obxectivos neste plan que serán revisados cada ano e que son susceptibles de ser modificados durante o curso escolar.

- Formación no emprego de paneis dixitais para ANEE. Sendo o indicador a totalidade do equipo docente formado. Solicitando á administración educativa de formación específica no modelo de paneis que subministren.
- Renovar os equipos de sobremesa da aula de informática. Logrando a consecución da totalidade de equipos. Solicitud á UAC de instalación e posta en funcionamento.
- Introducir a Realidade Virtual como método de aprendizaxe para ANEE. Posta en práctica na aula.

#### 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

As necesidades que se presentan como prioritarias son a renovación dos equipos de sobremesa da aula de informática (8 ordenadores) para que o alumnado poida realizar pequenas investigacións (busca de información) sobre cuestiós do seu día a día (habilidades para a vida diaria) e catro paneis dixitais, un para cada unha das aulas de xeito que se cumpran os estándares da Comisión Europea para "aulas dixitalizadas" e poidan traballar de modo interactivo (máis motivación e participación).

## Táboa 1: Plan de Acción do Plan Dixital de Centro

<b>"Área/s de mellora": DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL CONTINUO (área "D" en SELFIE)</b>					
1. OBXECTIVO:	Formación no emprego de paneis dixitais para ANEE			Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo directivo			Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	O 100% do equipo docente formado				
Valor de partida	Formación básica dos e das docentes				
Valor previsto e data	100% do equipo docente emprega de forma regulas os paneis dixitais.		Decembro 2022		
<b>ACCIÓN S A DESENVOLVER</b>					
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	<b>SEGUIMENTO DA ACCIÓN</b>	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO
AO1.1: solicitude á admón. educativa de formación específica no modelo de paneis que subministren.	Equipo directivo	Setembro 2022	Instancia de solicitud	Validación da instancia	Realizada
					Aprazada
					Pendente

## Táboa 2: Plan de Acción do Plan Dixital de Centro

"Área/s de mellora": INFRAESTRUTURAS E EQUIPOS (área "C" en SELFIE)					
2. OBXECTIVO:	Renovar os equipos de sobremesa da aula informática para que o alumnado poida realizar pequenas investigacións (busca de información) sobre cuestións do seu día a día (habilidades para a vida diaria)				Acadado
RESPONSABLE:	Director				Non acadado
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	100% dos equipos renovados				
Valor de partida	0 PC en condicións axeitadas				
Valor previsto e data	8 PC operativos, actualizados en en condicións óptimas			Xuño 2022	
ACCIÓN A DESENVOLVER					
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO
AO2.1: solicitude do equipamento a Amtega	O director	Setembro 2022	Instancia de solicitud	Validación da instancia	<div style="display: flex; justify-content: space-around;"> <span>Realizada</span> <span>Aprazada</span> <span>Pendente</span> </div>
AO2.2: solicitude á UAC de instalación e posta en funcionamento dos equipos.	O director	No momento da entrega do equipos	Solicitud	Aviso á UAC realizado	<div style="display: flex; justify-content: space-around;"> <span>Realizada</span> <span>Aprazada</span> <span>Pendente</span> </div>

### Táboa 3: Plan de Acción do Plan Dixital de Centro

"Área/s de mellora": INFRAESTRUTURAS E EQUIPOS (área "C" en SELFIE)						
3. OBXECTIVO:	Dotar o centro con paneis dixitais para traballar co alumnado de xeito colaborativo e para motivalo			Acadado		
RESPONSABLE:	Equipo directivo			Non acadado		
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	O 100% do equipamento solicitado conseguido					
Valor de partida	0 paneis dixitais no centro					
Valor previsto e data	4 paneis dixitais.		Outubro 2022			
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
<b>AO3.1:Solicitud de equipamento a Amtega</b>	O director	Setembro 2022	Instancia de solicitud	Validada a solicitude	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

## Táboa 4: Plan de Acción do Plan Dixital de Centro

"Área/s de mellora": DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL CONTINUO (área "D" en SELFIE)					
4. OBXECTIVO:	Introducir a Realidade Virtual como método de aprendizaxe para ANEE			Acadado	
RESPONSABLE:	O equipo directivo			Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	O 80% do alumnado vivencie as experiencias coa RV				
Valor de partida	Dispoñemos dos recursos pero non se usan				
Valor previsto e data	Empregalas regularmente con todo o alumnado			Xuño 2023	
ACCIÓN S A DESENVOLVER					
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO
AO4.1: formación, a través dun PFPP, no uso das gafas de realidade virtual	Equipo directivo	Decembro 2022	Solicitude do PFPP Gafas de RV (témolas) Portátil (dispoñemos del)	Formación impartida	Realizada Aprazada Pendente
AO4.2: elección de actividades a levar a cabo	Todo o clautro	Xaneiro 2023	Internet, busca de exemplos noutros centros	Actividades seleccionadas para o curso 22/23	Realizada Aprazada Pendente
AO4.3: posta en práctica na aula	Todo o claustro	Xuño 2023	Gafas de RV Paneis dixitais para compartir as experiencias vividas	Cando estean feitas as actividades con todo o alumnado	Realizada Aprazada Pendente

## 4. Avaliación do Plan:

- **Instrumentos de seguimento e diagnóstico do plan: Instrumentos de diagnóstico estandarizados a utilizar.**

Para poder alcanzar os resultados propostos no Plan de Dixital de Centro vaise levar a cabo unha avaliación continua que nos permitirá ver se os obxectivos expostos son os axeitados e se as medidas propostas son as correctas para lograr os obxectivos planificados podendo realizar as modificacións oportunas.

Valorarase o grao de implicación dos membros, así como a coordinación entre eles e o grao de aceptación das distintas propostas. Esta avaliación continua complementarase cunha avaliación final onde se valorarán os resultados obtidos, as posibles melloras, erros cometidos, necesidades e grao de satisfacción coa experiencia. Para todo iso, empregaranse os seguintes instrumentos de avaliación:

- a) Revisión dos obxectivos e actividades expostas.
- b) Avaliación das actividades propostas: diagnóstico inicial, desenvolvemento e conclusións.
- c) Reunión de seguimento cos axentes implicados.
- d) Memoria anual do Plan Dixital de Centro.

O plan revisarase dúas veces o ano e elaborarase un informe para a memoria final e propoñeranse os cambios que se consideren oportunos.

- **Instrumentos de seguimento e diagnóstico do plan: Instrumentos de diagnóstico estandarizados a emplegar.**

Para avaliar a eficacia do plan utilizaremos os indicadores de avaliação incluídos en cada unha das accións tendo en conta o diagnóstico inicial realizado despois das probas SELFIE e CDD.

Nos prazos correspondentes utilizaranse sistemas propios para realizar o diagnóstico da competencia dixital docente (CDD), así como a ferramenta SELFIE.

### ***Auditorías internas ou externas.***

- ***Auditorías externas:*** as que determine a Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia.

- *Auditorías internas:* as que no propio seguimento do plan se realiza por as persoas partícipes na súa elaboración.

Salientar que debido a provisionalidade dunha delas, faise constar a importancia de que a persoa que a preceda se comprometa co proxecto.

## 5. Difusión do plan

- ***Revisión e modificación.***

O presente Plan Dixital de Centro é de obrigado cumprimento por parte de todos os membros da comunidade escolar deste centro. Realizaranse as revisións periódicas que se consideren oportunas para adaptalo as novas circunstancias ou a modificacións lexislativas. Estará sempre supeditado á lexislación vixente e terá unha vixencia anual, sendo susceptible de perfeccionamento ou mellora se hai un cambio da normativa legal na que se fundamenta.

- ***Publicación e divulgación.***

O CEE O PINO publicará e divulgará este documento por diferentes medios a toda a comunidade educativa.

O Equipo Directivo será o encargado de difundilo polas seguintes canles:

- Depósito de copias na Dirección e Secretaría a disposición de calquera interesado/a que forme parte da comunidade educativa ou algún outro, segundo o criterio da Dirección do centro.
- Publicación na páxina web do centro:

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceepino/>